# CONCELLO DE ARTEIXO

OBRAS E SERVICIOS CONTRATACIÓN
E BENS

RELGA N.º MU 2000 / 141

Trav. Arteixo, 249 – 2º
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Telf.: 981 60 00 09
Móbil: 696 45 45 34
Fax: 981 60 25 28
Email: correo@arteixo.dicoruna.es

CONCELLO DE ARTEIXO
APROBADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
26 MAR. 2008
A SECRETARIA XERAL

**PREGO DE CLAUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN, POR CONCURSO, EN PROCEDEMENTO ABERTO E TRAMITACIÓN DE URXENCIA, DO CONCERTO CUNHA MUTUA DAS PRESTACIÓNS DE " COBERTURA DAS CONTINXENCIAS DE ACCIDENTES DE TRABALLO E ENFERMIDADES PROFESIONAIS"**

ÍNDICE DE CLAUSULAS

I) DISPOSICIÓNS XERAIS

1. OBXETO DO CONTRATO
2. PRESUPOSTO DO CONTRATO
3. DURACIÓN DO CONTRATO
4. EXAMEN DO EXPEDIENTE
5. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO
6. GASTOS DE LICITACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

II) CLAUSULAS DE LICITACIÓN

7 CAPACIDADE E SOLVENCIA DOS CONTRATISTAS
8. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN
9. GARANTIA PROVISIONAL
10. CONTRATISTAS INSCRITOS NO REXISTRO DE LICITADORES DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA
11. PROXECTO DE PRESTACIÓN DAS ACTIVIDADES E SERVIZOS
12. PROPOSICIÓNS E DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA
13. CRITERIOS QUE SERVIRÁN DE BASE PARA A ADXUDICACIÓN DO CONCURSO
14. UMBRAL MÍNIMO DE PUNTUACIÓN E BAIXAS TEMERARIAS
15. CONSTITUCIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DE PLICAS
16. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

III) FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

18 GARANTÍA DEFINITIVA
19 FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

IV). EXECUCIÓN DO CONTRATO

**OBRAS E SERVICIOS CONTRATACIÓN E BENS**

RELGA N.º MU 2000 / 141

Trav. Arteixo, 249 – 2º
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Telf.: 981 60 00 09
Móbil: 696 45 45 34
Fax: 981 60 25 28
Email: correo@arteixo.dicoruña.es

CONCELLO DE ARTEIXO
APROBADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
26 MAR. 2008
A SECRETARIA XERAL

20 COMEZO DE PRESTACIÓN DOS SERVIZOS
21 FORMA DE REALIZACIÓN DAS DIFERENTES PRESTACIÓNS DO CONTRATO
22 CONTROL E SEGUIMENTO DA EXECUCIÓN DO CONTRATO
23 PERSOAL DE SERVIZOS
24 MEDIDAS DE SEGURIDADE DAS ACTIVIDADES E RESPONSABILIDADE DO CONTRATISTA
25 PLAN DE CALIDADE DOS SERVIZOS
26 INPECCIÓNS E AUDITORIAS EXTERNAS

V) MODIFICACIÓN DO CONTRATO

27 MODIFICACIÓN E SUSPENSIÓN DO CONTRATO
28 CESIÓN E SUBCONTRATACIÓN

VI) DEREITOS E OBRIGACIÓNS DAS PARTES

29 GASTOS E TRIBUTOS POR CONTA DO CONTRATISTA
30 CUPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS SOCIAIS, LABORAIS E FISCAIS
31 OBRIGACIÓNS DO CONTRATISTA
32 OBRIGACIÓNS DO CONCELLO
33 PAGO DO PREZO DO CONTRATO
34 TRANSMISIÓN DOS DEREITOS DO COBRO
35 RISCO E VENTURA E REVISIÓN DE PREZOS

VII) INCUMPRIMENTO CONTRACTURAIS E PENALIZACIÓNS

36 INCUMPRIMENTO CONTRACTURAIS
37 PENALIZACIÓNS POR INCUPRIMENTOS CONTRACTUAIS

VIII)EXTINCIÓN DO CONTRATO

38 EXTINCIÓN DO CONTRATO
39 PRAZO DE GARANTIA , DEVOLUCIÓN DA GARANTIA DEFINITIVA E LIQUIDACIÓN DO CONTRATO

CONCELLO DE ARTEIXO
OBRAS E SERVICIOS CONTRATACION
E BENS

RELGA N.º MU 2000 / 141

Trav. Arteixo, 249 – 2º
15142 ARTEIXO (A Coruña)
Telf.: 981 60 00 09
Móbil: 696 45 45 34
Fax: 981 60 25 28
Email: correo@arteixo.dicoruna.es

CONCELLO DE ARTEIXO
XUNTA DE GOBERNO LOCAL
26 MAR. 2008
A SECRETARIA XERAL

**PREGO DE CLAUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN, POR CONCURSO , EN PROCEDEMENTO ABERTO E TRAMITACIÓN DE URXENCIA DO CONCERTO CUNHA MUTUA DAS PRESTACIÓNS DE " COBERTURA DAS CONTINGENCIAS DE ACCIDENTES DE TRABALLO E ENFERMIDADES PROFESIONAIS"**

I DISPOSICIÓNS XENERAIS

## 1.- OBXETO DO CONTRATO

### A.DEFINICIÓN:

O contrato que regula o presente prego teñen por obxeto a cobertura dos riscos derivados dos accidentes de traballo, enfermidades , profesionais e a prestación económica de incapacidade temporal do persoal funcionario e laboral ao servizo do Concello de Arteixo, incluido no Réxime xeral da Seguridade Social, mediante a suscrición dun convenio de Asociación para a integración deste Concello nunha mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais constituida ao amparo da lexislación vixente na materia.

### B.CONTENIDO DAS PRESTACIÓNS

As actuacións incluidas neste contrato a realizar pola Mutua que se seleccione serán la protección das contingencias de accidente de traballo e enfermidades profesionais do persoal municipal do Concello de Arteixo así como o pago delegado na mutua das das situacións de ILT por enfermidade e/ou accidente e pago directo con cargo as cotas de tesoureria da seguridad social nos casos de superación do limite temporal do pago delegado en calquer situación de ILT , nos términos establecidos no Regulamento sobre colaboración das Mutuas de AT/EP ( R.D 1993/1995, de 7 de decembro), e o RD 250/1997,de 21 de febreiro e RD 576/1997, de 18 de abril e RD 688/2005, de 10 de xuño, polos que se modifica éste e demás normativa directa ou supletoriamente aplicable.

### C. PERSOAL E SERVIZOS INCLUIDOS DENTRO DO ÁMBITO DESTE CONTRATO

1.En relación á cobertura dos riscos derivados dos accidentes de traballo, enfermidades profesionais e a prestación económica de incapacidade temporal, extendese a prestación a todo o persoal funcionario, o eventual e laboral asi como

RELGA N.º MU 2000 / 141

Trav. Arteixo, 249 – 2º
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Telf.: 981 60 00 09
Móbil: 696 45 45 34
Fax: 981 60 25 28
Email: correo@arteixo.dicoruna.es

CONCELLO DE ARTEIXO
APROBADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
26 MAR. 2008
A SECRETARIA XERAL

o politico con adicación total ou parcial ao servizo desta entidade local; en concreto, considerase asegurado ao seguinte persoal do Concello de Arteixo.

a) Os funcionarios de carreira, e funcionarios de emprego asi como ó persoal eventual que presten servizos en calquera servizo ou dependencia deste concello.
b) O persoal laboral fixo e temporal que preste servizos para calquera unidade desta entidade, baixo calquera modalidade de contrato laboral dos previstos na lexislación vixente.Non están incluidos os traballadores das empresas contratadas polo concello para a xestión indirecta dos seus servizos públicos ou para executar calquera outro tipo de contrato administrativo ou privado, coa salvedade dos contratos temporais de servicio obra determinado contra créditos de inversión

c) Os membros da Corporación polos que o concello cotize á Seguridade Social por continxencias comúns.( persoal político con adicación total ou parcial).

Este colectivo componse duns 250 traballadores de media anual mais unha fluctuación anual de entre 50 e 100 traballadores temporais fora de plantilla(escola obradoiro,programas de fomento do emprego, programas de cooperación e outros subvencionados total ou parcialmente pola administración pública do ambito supramunicipal ,cuia relación incluiuse no Anexo III deste prego a titulo indicativo e non limitativo, correspondendose coa RPT 2007 do Concello de Arteixo.

Co obxeto de diferenciar a actividade preventiva que desenrolen as mutuas dentro do ámbito da Seguridade Social, da que corresponde na súa actuación como servizo de prevención alleo, expresamente declarase que o convenio non inclue a prestación do servizo de prevención alleo de riscos laborais, en cumprimento do establecido no R.D 688/2005, de 10 de xuño, polo que se regula o réxime de funcionamento das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social como servizo de prevención alleo.

## D.CÓDIGO DE CLASIFICACIÓN INTERNACIONAL

Os códigos de clasificación dos servizos obxeto deste contrato segundo a clasificación de productos por actividades ( CPA-2002) son:

-85147000-1 " Servizos de sanidade das empresas"

Trav. Arteixo, 249 – 2º
15142 ARTEIXO (A Coruña)
Telf.: 981 60 00 09
Móbil: 696 45 45 34
Fax: 981 60 25 28
Email: correo@arteixo.dicoruna.es

CONCELLO DE ARTEIXO
XUNTA DE GOBERNO LOCAL
26 MAR. 2008
A SECRETARIA XERAL

**E.NECESIDADES A SATISFACER CON ESTE CONTRATO**

Aos efectos esixidos no artigo 67.2 b do RGLCAP,indícase que con este contrato trátase principalmente de garanter unha máis rápida atención aos traballadores municipais en caso de que sufran algún tipo de accidentes de traballo ou enfermidade profesional, así como asunción do pago económico delegado provinte das situacións de ILT, e seguimento das situacións de enfermidade común a parti do decimosexto día de baixa.

**2.PRESUPOSTO DO CONTRATO E FINANCIACIÓN.**

A mutua de Accidentes de traballo e Enfermidades Profesionais da Seguridade Social percibirá a través da Tesourería Xeral da Seguridade Social , a fracción de cotas de Seguridade Social que teña establecidas en cada momento o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.A Suscrición do convenio de asociación non xerará gasto suplementario algún para o Concello de Arteixo.

**3.DURACIÓN DO CONTRATO**

A. A duración do contrato establécese entre a data de notificación do acordo de adxudicación e a data de expiración do prazo do concerto, sendo o prazo de execución material do contrato de DOUS ANOS, de acordo co especificado na clausula 19 deste prego.

B. A efectos do disposto no artigo 174 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o carácter plurianual do contrato ven xustificado pola necesidade de realizar unha programación de certa estabilidade nestas actividades de tipoloxíia medico asistenciales unha certa estabilidade na relación dos traballadores cunha Mutua determinadas.

**4.EXAMEN DO EXPEDIENTE**

O expediente contractual que regula esta contratación, poderá ser examinado nas oficinas municipais do Servizo de Contratación en horario de atención ao público ( de 9 a 14 horas) durante o prazo establecido para a presentación de proposicións.

**5.NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO**

A.O contrato que regulan as presentes clausulas ten natureza administrativa especial, dacordo co previsto no artigo 5.2.b do TRLCAP, como contrato administrativo, todas as cuestións ou diverxencias que poidan surxir resolveranse en

CONCELLO DE ARTEIXO
APROBADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
26 MAR. 2008
A SECRETARIA XERAL

RELGA N.º MU 2000 / 141
Trav. Arteixo, 249 – 2º
15142 ARTEIXO (A Coruña)
Telf.: 981 60 00 09
Móbil: 696 45 45 34
Fax: 981 60 25 28
Email: correo@arteixo.dicoruna.es

vía administrativa e unha vez esgotada, pola xurisdicción contencioso-administrativa dos Tribunais con foro no Concello de Arteixo.

B.O órgano de contratación ostenta, en relación co contrato que regula o presente prego, as prerrogativas de interpretalo e resolver as dúbidas que ofreza o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, resolvelo e determinar aos efectos desta resolución , así como todas aquelas recoñecidas na lexislación vixente en relación con este contrato no presente prego e nos restantes documentos que teñan carácter contractual.

O exercicio destas prerrogativas realizarase dacordo co previsto na lexislación de contratos ou sectorial correspondentes, sendo os seus acordos a este respecto inmediatamente executivos e pondrán fin á vía administrativa. As consecuencias que o exercicio destas facultades poida ter en relación económica contractual serán compensadas nos termos derivados de dita normativa.

C.Teñen carácter contractual, ademáis deste prego de clausulas administrativas particulares, a oferta económica e técnica que resulte adxudicataria do concurso convocado para adxudicar este contrato. En caso de discrepancia entre os distintos documentos contractuais non salvable por unha interpretación sistemática dos mesmos, prevalecerá o establecido neste prego , salvo que se deduza que se trata dun evidente erro de feito ou aritmético .

No regulado expresamente nestos documentos contractuais, este contrato rexirase polo disposto no Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RDL 2/2000), de 16 de xuño , en adiante TRLCAP) e a súa normativa de desenrolo ( especialmente polo regulamento Xeral de dita Lei, RD 1098/2001, de 12 de outubro, RGLCAP), así como polas disposicións do réxime local directamente aplicables.Supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e no seu defecto as de dereito privado.

En canto a prestación material dos traballadores contratados estarase ao establecido na normativa vixente en cada momento en materia de Seguridade Social, Mutuas de Accidente de traballo e Prevención de Riscos Laborais.A título indicativo, seguinte normativa ou a que no seu momento resulte de aplicación: RDL ¡/1994, de 20 de xuño , polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, RD 1993/1995, de 7 de decembro, polo que se aproba o Regulamento sobre colaboración das Mutuas de AT/EP , e o RD 250/1997, de 21 de febreiro, RD 576/1997, de 18 de abril e R.D 688/2005, de 10 de xuño, polos que se modifica o anterior, Lei 31/1995 , de 8 de novembro , de Prevención de Riscos Laborais, e Regulamento dos Servizos de Prevención, aprobada por RD 39/1997 , de 17 de xaneiro.

OBRAS E SERVICIOS CONTRATACIÓN
E BENS

RELGA N.º MU 2000 / 141

Trav. Arteixo, 249 – 2º
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Telf: 981 60 00 09
Móbil: 696 45 45 34
Fax: 981 60 25 28
Email: correo@arteixo.dicoruna.es


CONCELLO DE ARTEIXO
APROBADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
26 MAR. 2008
A SECRETARIA XERAL

**6.GASTOS DE LICITACIÓN E FORMALIZACIÓN CONTRATO**

Todos os gastos derivados da licitación que regula este prego de condicións, tales como anuncios, taxas por compulsas de documentos, bastanteos, etc.que pesen sobre o contrato, así como os necesarios para a formalización do mesmo, serán a cargo do adxudicatario.

Estos gastos enténdense sen perxuizo dos restantes gastos derivados da execución do contrato e os demais a que se refire a clausula 28 deste prego.

**II CLAUSULAS DE LICITACIÓN**

**7.CAPACIDADE E SOLVENCIA DOS CONTRATISTAS**

APoderán tomar parte neste procedemento contractual exclusivamente as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou extranxeiras que cumplan os seguintes requisitos:

-Ter a consideracón de Mutuas de Accidentes de traballo e Enfermidades Profesionais da Seguridade Social e así o acrediten mediante Certificación do Rexistro que se leva ao efecto no Ministerio de traballo e Asuntos Sociais.

-Non estar incurso en ninguna das prohibicións de contratar sinaladas no artigo 20 TRLCAP

-Dipoñer da solvencia ecónómica, financieira e técnicas suficiente para a execución deste contrato, que se entenderá acreditada por todas aquelas Mutuas que dispoñan de centros asistenciais propios ou cocertados nas cidades de Arteixo, A Coruña, ou en alguns dos municipios da súa área metropolitana. Debendo acreditar as homologacións, e permisos preceptivos da administración sanitaria para a sua actividade medico-asistencial.

B.Quenes concurran en representación de cada mutua deberán xustificar documentalmente que están facultados mediante os poderes e documentos acreditativos da personalidade, que se acompañarán a proposición.Estos documentos serán debidamente bastanteados polo Secretario da corporación ou funcionario en quen delegue.

**8.PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN**

CONCELLO DE ARTEIXO
APROBADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
26 MAR. 2008
SECRETARIA XERAL

A adxudicación do presente contrato realizarase por concurso en procedemento aberto e tramitación de urxencia, dacordo co previsto nos arts.71,74.3 e 85 a 90 do TRLCAP

**9.GARANTIA PROVISIONAL**

Para tomar parte no presente concurso, é preciso acreditar mediante o correspondente resgardo da Tesourería Municipal, a constitución dunha garantía provisional de 3840,00€ euros, equivalente ao 2% da imputación porcentual das cuotas da Seguridade Social tanto por accidente como por continxencias comúns referidas a 2007, debéndose prestar por calquera das formas admisibles, segundo o artigo 35.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, ao tratarse dun contrato administrativo especial , e de acordo co modelo de aval que figura no anexo IV de estos pregos

**10.CONTRATISTAS INSCRITOS NO REXISTRO DE LICITADORES DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

As mutuas que figuren debidamente inscritas no Rexistro de contratistas da Deputación Provincial da Coruña( Ordenanza reguladora do rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, do rexistro de contratos e do rexistro de convenios, publicada no BOP nº64 de 20/03/1998) coa súa documentación actualizada, estarán dispensados de presentar a documentación complementaria a que se refiren as clausulas 7 e 12.Sobre A)deste prego, a excepción, en canto á documentación complementaria , da necesidade para a valoración do concurso ( Clausula 11 e 12.E sobre B), que deben presentar en todo caso. A estos efectos acompañarase copia simple do informe do Rexistro de Inscrición con indicación do número con que se encontra inscrita dita mutua no Rexistro. Así mesmo deberán incluir na súa proposicón unha declaración xuradas de que os datos da sua empresa en dito Rexistro están actualizados.

**11.PROXECTO DE PRESTACIÓN DAS ACTIVIDADES E SERVIZOS**

A.Os licitadores deberán presentar , no sobre " B" un proxecto de realización das prestacións obxeto do contrato, cuio contido mínimo será o seguinte:

1 Relación dos medios da Mutua postos a disposición para a execución deste contrato, na que se indiquen os datos económicos e técnicos dos mesmos, como mínimo nos termos precisos para valorar as ofertas de acordo cos criterios que se establecen na clausula 13 deste prego:

1.1. Centros asistenciais e especialidades e servizos que prestan, con indicación de si son propios ou concertados, ubicación geografica, recursos

Trav. Arteixo, 249 – 2º
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09
Móbil: 696 45 45 34
Fax: 981 60 25 28
Email: correo@arteixo.dicoruna.es

CONCELLO DE ARTEIXO
APROBADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
26 MAR. 2008
A SECRETARIA XERAL

materiais dos que dispoña, con descrición detallada dos equipos , todo elo con especial referencia e desenrolo dos centros nas cidades de Arteixo, A Coruña, ou en algún dos municipios da súa área metropolitana.

1.2. Centros asistencias e de especialidades médicas propias ou concertadas no ambito autonomico e estatal.

1.3. Persoal propio que especificamnte se prevea destinar a execución dos servizos que se concertan e contratan co concello de Arteixo, con indicación da súa titulación , experiencia e tempo medio de dedicación estimado a execución deste contrato.

1.4. Protocolos concretos de actuación da Mutua en todalas actuacións e prestacións obxeto deste contrato e plan de calidade dos mesmos.

1.5. Actuacións preventivas e asitenciais

1.6. Documento tipo de asociación a Mutua concurrente para a cobertura de AT/EP, e documentación complementaria no seu caso.

## 12.PROPOSICIÓNS E DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

A. As proposicións serán secretas e axustaranse ao modelo previsto neste prego. Deberán ir redactadas en castelán, sen enmendaduras nen tachaduras, e a súa presentación implica a aceptación inondicional polo empresario de tódalas prescricións incluidas neste prego e no de prescricións técnicas. Deberán ir asinadas por quen as presente.

B.As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Arteixo, en horario de 9 a 14 horas, salvo se o prazo remata en sábado, que será de 9 a 13 horas. Cando as proposicións se presenten por correo ou en calquera outro lugar dos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, o remitente deberá acreditar , co resgardo correspondente, a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar o mesmo día ao órgano de contratación.Sen cumprir tales requisitos non será admitida a proposición no caso en que fora recibida fora do prazo fixado no anuncio de licitación.Destos xustificantes deixarase constancia no Rexistro Municipal.Non obstante, transcurridos dez días desde a terminación do prazo de presentación, non se admitirán nengunha oferta que non fora recibida en dito Rexistro , tal e como prevé o artigo 80.4 do RGLCAP

C.O prazo de presentación das proposicións será de TRECE DÍAS NATURAIS, a contar do día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no BOP.

D. Cada licitador poderá suscribir unha única proposición e non se adminitarán variantes, sen prexuizo de incluir na oferta outros servizos complementarios ou actividades adicionais ás sinaladas na letra A) da cláusula 1 deste prego.

OBRAS E SERVICIOS CONTRATACIÓN
E BENS

RELGA N.º MU 2000 / 141

Trav. Arteixo, 249 – 2º
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Telf.: 981 60 00 09
Móbil: 696 45 45 34
Fax: 981 60 25 28
Email: correo@arteixo.dicoruna.es

CONCELLO DE ARTEIXO
APROBADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
26 MAR. 2008
A SECRETARIA XERAL

E. As proposicións presentaranse nun sobre pechado no que figurarán a inscrición seguinte: PROPOSICIÓN PARA A CONTRATACIÓN , POR CONCURSO, EN PROCEDEMENTO ABERTO E TRAMITACIÓN DE URXENCIA, DO CONCERTO CUNHA MUTUA DAS PRESTACIÓNS DE " COBERTURA DAS CONTINXENCIAS DE ACCIDENTES DE TRABALLO E ENFERMIDADES PROFESIONAIS".

Dentro deste sobre maior incluiranse dous sobres "A" e "B", pechados coa mesma inscrición referida no apartado anterior, e co subtitulo que se indica no parágrafo seguinte.No interior de cada sobre relacionarase numéricamente o contido do mesmo, no modelo que se recolle no Anexo I deste prego.

O sobre" A" subtitularase " DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DA PERSONALIDADE, CARACTERÍSTICAS DO CONTRATISTA E GARANTIA DEPOSITADA", e oonterá os documentos ou copias autenticadas dos mesmos, que a continuación se sinalan:

1.Documento acreditativo da constitución e autorización da Mutua concurrente, outorgado polo Ministerio de Traballo e Seguridade Social, asi como da inscrición da mesma no correspondente Rexistro e o seu código de Identificación Fiscal (CIF)

2.Se se actúa por medio de representantes , apoderamento en escritura pública inscrita no Rexistro Mercantil ou no seu caso , no seus estatutos, bastanteado polo Secretario Xeral do Concello ou funcionario en quen delegue.Deberá aportarse támén neste caso o DNI do representante ou documento que o sustituia.

3.Documentación acreditativa da solvencia económica, financieira e técnica da empresa, de acordo co esixido na clausula 7 deste prego. Con especial referencia os Centros asistencias e de especialidades médicas propias ou concertadas no ambito autonomico e estatal, Debendo acreditar as homologacións, e permisos preceptivos da administración sanitaria para a sua actividade medico-asistencial.

4.Testemuña xudicial, certificación administrativa ou declaración responsable do licitador outorgando ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado, de non estar incurso en ningunha das prohicións para contratar coa Administración , sinaladas no artigo 20 do TRLCAP.

CONCELLO DE ARTEIXO
APROBADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
26 MAR. 2008
A SECRETARIA XERAL

Tel.: 981 60 00 09
Móbil: 696 45 45 34
Fax: 981 60 25 28
Email: correo@arteixo.dicoruna.es

Esta declaración, responsable deberá incluir unha referencia expresa á circunstancia de estar ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.Neste caso, a xustificación acreditada de tal requisito, mediante certificación administrativa positiva da entidade correspondente, deberá aportarse antes da adxudicación polo licitadodr ou licitadores propostos como adxudicatarios do contrato, xustificación que deberán aportar no prazo máximo de cinco días hábiles.A efectos deste prazo, a comunicación ao interesado ou interesados realizarase mediante chamada telefónica e remisión de fax ou correo electrónico, ademais de insertarse un anuncio no Taboleiro de Edictos do concello.

Esta modalidade de declaración responsable exime aos licitadores de presentar no sobre "A" as certificacións as que se refire o apartado seguinte(5) desta relación de documentos, documentos que so terá que aportar obligatoriamente o proposto como adxudicatario na forma e prazo sinalado na clausula 16.C deste prego.

5.Certificacións Administrativas de estar ao corrente no cumprimento das obrigacions tributarias e coa Seguridade Social, expedidas na forma e polos órganos previstos no artigo 13 do RGLCAP, na que figure expresamente a calificación do " positiva".

6.Certificación administrativa positiva de estar ao corrente das Obrigacións, Tributarias co Concello de Arteixo, e do Municipio no que a empresa teña establecido o seu domicilio, no caso de ser outro.

7.Enderezo , teléfono e fax da Mutua na provincia da Coruña e do seu representante na contratación con este concello.

8.Renuncia expresa, outorgada polo órgano de competente da mutua concurrente, a esixir ao concello o ingreso anticipado do importe anticipado das cotas correspondentes.

9.Xustificación, no seu caso, de que a empresa conta na súa plantilla cun número de traballadores minusválidos non inferior ao 2%,a os efectos previstos no último parágrafo da clausula seguinte.

Para as mutuas que esten debidamente inscritas no Rexistro de Licitadores da Deputación Provincial da Coruña vease a clausula 10 deste prego.Non obstante, deberán incluir na súa proposición unha declaración xuradas de que os datos da súa empresa en dito Rexistro están actualizados e acompañarán copia simple do informe do Rexistro de Inscrición do número co que se encontra dita mutua no rexistro.

RELGA N.º MU 2000 / 141

Trav. Arteixo, 249 – 2º
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Telf.: 981 60 00 09
Móbil: 696 45 45 34
Fax: 981 60 25 28
Email: correo@arteixo.dicoruna.es

CONCELLO DE ARTEIXO
APROBADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
26 MAR. 2008
A SECRETARIA XERAL

O sobre "B" subtitularase " OFERTA" e responderá ao modelo recollido no Anexo II deste prego e incluirá o Proxecto a que se refire a clausula 11 deste prego.

## 13.CRITERIOS QUE SERVEN DE BASE PARA A ADXUDICACIÓN DO CONCURSO

A Os criterios de valoración para a adxudicación do concurso regulado neste prego son os seguintes, establecéndose como puntuaciòm **máxima 115 puntos** que se distribuiran da seguinte forma:

1.Función asistencial.Medios da mutua postos a disposición da execución concreta do contrato que regula o presente prego (**ata 100 puntos**)

1.1 Mellores centros asistenciais propios ou concertados de **0 a 80** puntos en función de :proximidade dos centros ao municipais de Arteixo ou facilidades de comunicación, de **0 a 15 puntos**, coa seguinte preferencia de puntuación:

-A Coruña capital e municipios limítrofes con éste;
-O resto da Provincia de A Coruña
-Comunidade Autónoma de Galicia;
-Outras comunidades autónomas españolas
-Outros países.

-Recursos materiais para diagnósticos, probas básicas, de probas complementarias, etc.De **0 a 20 puntos.**
-Recursos humáns: titulacións acreditadas e "curriculum vitae" do persoal sanitario.**De 0 a 15 puntos.**

-Maior horario asistencial .**De 0 a 10 puntos**
-Maior calidade ( acreditacións ou certificados de calidade dos centros) e número de centros: propios. De **0 a 15 puntos**
concertados.De **0 a 5 puntos**

1.2 Protocolos concretos de actuación da Mutua en tódalas actuacións e prestacións obxeto deste contrato e plan de calidade dos mesmos.**De 0 a 20 puntos**:

-Actuacións en caso de accidente laboral e seguimento clínico posterior

RELGA N.º MU 2000 / 141
Trav. Arteixo, 249 – 2º
15142 ARTEIXO (A Coruña)
Telf.: 981 60 00 09
Móbil: 696 45 45 34
Fax: 981 60 25 28
Email: correo@arteixo.dicoruna.es

CONCELLO DE ARTEIXO
APROBADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
26 MAR. 2008
A SECRETARIA XERAL

-Seguimento do absentismo laboral(por Incapacidade temporal e accidentes)
-Outros

2.Función Preventiva: **ata 10 puntos**, en función da maior calidade e extensión dos servizos seguintes:

2.1-Prestacións de servizos complementarios aos traballadores do concello e/o aos familiares directos:

- Melloras porcentuais nas indemnizacións económicas por lesións permanentes non invalidantes
- Servizos podolóxicos, ópticos, auditivos, odontolóxicos, xinecolóxicos, etc...

2.2 Proposta de dotación de medios instrumentais e materiais ( por exemplo programas informáticos, libros e manuais, DVD's, equipos medición contaminantes, persoal colaborador, etc...) ao SPPRL-CV e de coordinación con este.

2.3 Outros servizos adicionais que poidan ofrecerse. Tales como

Dotación de material primeiros auxilios:

- Botiquins portátiles ( incluindo os das brigadas de traballo e vehículos municipais)
- Columnas de rescate cardíaco( incluindo a instalación, mantemento e conservación, así como a formación necesaria ao persoal usuario) etc...
- Control botiquíns entregados, control de reposición do material en colaboración coa Unidade de Persoal ou quen designe o concello.Resume mensual
- Programas de vacunación : gripe, tétanos e outras enfermidades.

3.Asistencia Social: **ata 5 puntos**

-Descrición básica das prestacións xerais

OBRAS E SERVICIOS CONTRATACIÓN
E BENS

RELGA N.º MU 2000 / 141

Trav. Arteixo, 249 – 2º
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Telf.: 981 60 00 09
Móbil: 696 45 45 34
Fax: 981 60 25 28
Email: correo@arteixo.dicoruna.es

CONCELLO DE ARTEIXO
APROBADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
26 MAR. 2008
A SECRETARIA XERAL

-Descrición detallada doutras prestacións novedosas ou innovadoras
-Programas y medios para rehabilitación en los ambitos local autonomico y estatal

B.Na ponderación das proposicións utilizarase o criterio da proporcionalidade, outorgándose a máxima puntuación á oferta que proponía maior beneficio para os traballadores do concello e as demáis, a que propocionalmente lle corresponda.

C.Se trala valoración dos criterios sinalados existise igualdade entre dous proposicións, darase preferencia na adxudicación a aquelas empresas que teñan na súa plantilla un maior número de traballadores minusválidos e de persistir ao empate, a que manteña unha maior estabilidade no emprego.

## 14.UMBRAL MÍNIMO DE PUNTUACIÓN E BAIXAS TEMERARIAS

A.Non continuará o proceso selectivo con aquelas ofertas que non alcancen alomenos 40 puntos no criterio nº1 das valoracións establecidas na clausula anterior deste prego.Esta puntuación ten a consideración de " umbral mínimo de puntuación " dacordo co previsto no artigo 86.2 do TRLCAP

B.Dadas as características deste concurso e a natureza dos posibles licitadores, non se considerarán desproporcionadas ou temerarias ningunha das proposicións que se presenten.

## 15.CONSTITUCIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DE PLICAS

A.Para este procedemento contractual constituirase unha Mesa de Contratación como órgano técnico de asistencia ao competente para contratar, cuia composición será a que sinale a Resolución da Xunta de Goberno Local, que o titular da mesma dicte no seu momento.

De tódalas reunións da Mesa de Contratación levantarase acta sucinta reflexando o acontecido en cada reunión, incorporándose as mesmas, no seu caso, os informes que se evacuen para auxiliar as decisións deste órgano.

B. A mesa de contratación calificará previamente os documentos presentados no sobre "A" en tempo e forma , unha vez recibidas tódalas ofertas ou transcorrido o prazo de trece días a que se refire a clausula 12 deste prego.A os licitadores cuia proposición contenía defectos susbsanables concederáselles un prazo máximo de tres días hábiles para a súa subsanación, comunicándolles telefónicamente ou mediante fax este prazo e as deficiencias da súa documentación desde o Servizo de

CONCELLO DE ARTEIXO
APROBADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
26 MAR. 2008
A SECRETARIA XERAL



Contratación do concello.Considerase defecto subsanable a non aportación de algún documento dos previstos na clausula 12 deste prego, ou deficiencias ou erros nos mesmos, sempre que o suposto de feito ou de dereito que reflexe o documento existise con anterioridade á finalización do prazo para presentar ofertas.

Polo que respeta á calificación da documentación presentadas (defectos ou omisións subsanables, rechazo de proposicións e demais actuacións da Mesa de Contratación ) estarase ao disposto nos artigos 79 a 81 do R.D 2/2000, de 16 de xuño , polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas e 80 a 84 do R.D 1098/2001 , de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

C. A apertura do "sobre B)" realizarase en acto público neste concello o día que se sinale mediante exposición pública no taboleiro de Edictos do Concello e na súa paxina web www. arteixo.org.

Comenzará este acto dando lectura o Presidente da Mesa ao anuncio da licitación, procedéndose seguidamente ao reconto das proposicións presentadas e a súa confrontación cos datos que figuran no Libro de Rexistro, dándose coñecemento ao público do número de proposicións presentadas, nome dos licitadores , resultado da calificación dos documentos e da subsanación de deficiencias destos.

A Mesa de Contratación valorará as ofertas presentas ou solicitará a evacuación dos Informe Técnicos que se consiederen oportunos, para realizar a valoración dos criterios establecidos na clausula 13 do prego ou os cálculos que estime necesarios e formulará a proposta que se estime pertinente ao órgano de contratación.

A Mesa, dacordo co disposto no artigo 88 de TRLCAP, elevará as proposicións presentadas xunto coa acta e a proposta de adxudicación ao órgano de contratación.

## 16.ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

A. Trala proposta de adxudicación da Mesa, requerirase mediante fax ou correo electrónico ao licitador proposto como adxudicatario para que o prazo máximo de CINCO DÍAS NATURAIS aporte as certificacións administrativas positivas de estar ao corrente das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social senon o tivera feito no sobre "A" ao presentar a oferta ou os certificados aportados nese momento estiveran caducados antes da adxudicación.De non aportar esa documentación no prazo indicado ou resultar da mesma que ese contratista non está ao corrente das

CONCELLO DE ARTEIXO
APROBADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
26 MAR. 2008
A SECRETARIA XERAL

súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, solicitarase a acreditación destos requisitos aos sucesivos licitadores polo orden de prelación das súas respectivas ofertas establecido pola Mesa de Contratación dacordo cos criterios de valoración das mesmas, sen perxuizo da derivación de responsabilidades contra o contratista ou contratistas que por esta causa non permitisen a adxudicación a sua oferta do contrato.

B.O expediente de contratación , coa documentación sinalada nos apartados anteriores desta clausula e os informes no seu caso requeridos, elevaranse ao órgano de contratación competente, que efectuará a adxudicación do contrato, dictando a resolución que estime oportuna antes dos DOUS MESES contados desde a apertura de proposicións.

C.Cando o órgano de contratación non adxudique o contrato dacordo coa proposta formulada pola Mesa de Contratación, deberá xustificar a súa decisión con referencia ao suposto concreto do artigo 83.2 do TRLCAP, que o motive ou a non aportación por parte do contratista proposto como adxudicatario dos certificados positivos de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

D.Unha vez expirado o prazo para recurrir a adxudicación, toda a documentación das ofertas que non resulten adxudicatarias, a excepción do modelo de oferta económica e do documento de constitución da garantía provisional, será devolto a os licitadores que o soliciten, sendo a sua costa os gastos que esta devolución poidan soportar.Transcorrido un ano desde a adxudicación do contrato sen que se proceda a retirar dita documentación, será destruida polo concello.

## III FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

### 17.GARANTÍA DEFINITIVA

En virtude da adxudicación, o contratista está obrigado a constituír a correspondente garantía definitiva, ao pago do importe dos gastos de publicidade da licitación e dos outros gastos que se ocasionen con motivo dos actos preparatorios e da formalización do contrato.

O pago dos anuncios efectuarase, unha vez liquidados pola Administración na conta do Concello.

Efectuada a adxudicación, notificarase ao contratista no prazo de 15 días , e se lle requirirá ao mesmo tempo para que dentro dos quince días naturais, desde que se notifique a adxudicación, presente no rexistro xeral do Concello, documento que acredite a constitución da garantía definitiva establecida de forma por una contía de 7680 € que corresponde ao 4% do importe de imputación porcentual das

Trav. Arteixo, 249 – 2º
15142 ARTEIXO (A Coruña)
Telf.: 981 60 00 09
Móbil: 696 45 45 34
Fax: 981 60 25 28
Email: correo@arteixo.dicoruna.es
CONCELLO DE ARTEIXO
APROBADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
26 MAR. 2008
A SECRETARIA XERAL

cuotas da Seguridade Social tanto por accidente como por continxencias comúns referidas a 2007 ,

Neste momento tamén deberá presentar os correspondentes xustificantes de pago dos anuncios que, no seu caso, lle corresponda facer efectivos.

A garantía poderá constituírse en metálico ou en valores públicos ou privados, mediante aval bancario conforme ao modelo establecido pola Corporación, ou por contrato de seguro de caución, segundo o establecido no artigo 36.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

## 18.FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

A.Dacordo co artigo 54 do TRLCAP, o contrato formalizarasse en documento administrativo dentro do prazo de TRINTA DÍAS NATURAIS, a contar desde o seguinte ao da notificación da adxudicación, poidendo non obstante elevarse a escritura pública cando o solicite o contratista, sendo a súa costa os gastos derivados do seu otorgamento.De non formalizarse o contrato pola causa imputable ao contratista ou ao Concello, estarase ao disposto no artigo 54.3 do TRLCAP.Sin perxuizo da formalización do documento oficial de adhesión á Mutua en relación coa actividade da cobertura de AT e EP.

B.Antes da formalización do contrato, dentro do prazo de 15 días hábiles desde a notificación da adxudicación, o adxudicatario deberá presentar ante o Servizo de Contratación, a seguinte documentación:

-Carta de pago xustificativa do abono dos gastos de licitación do contrato referentes a publicación do anuncio no Boletín ou Boletíns oficiais correspondentes.
-Póliza de Seguro de Reponsabilidade Civil, para responder obxetivamente fronte a terceiros ou a o Concello dos posibles danos e perxuizos que poidan producirse como consecuencia da execución deste contrato, individualizada para este contrato ou certificado da compañía aseguradora da extensión da póliza xeral de responsabilidade civil da empresa ás responsabilidades que se poidan derivar das execución deste concreto contrato.
-Nome , enderezo, teléfono móvil do técnico responsable do contrato por parte da empresa e, en caso de ser outra persoa, do coordinador ou coordinadores das actividades.

## IV EXECUCIÓN DO CONTRATO

## 19 COMEZO DE PRESTACIÓN DOS SERVIZOS E PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO

CONCELLO DE ARTEIXO
APROBADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
26 MAR. 2008
A SECRETARIA XERAL

Telf.: 981 60 00 09
Móbil: 696 45 45 34
Fax: 981 60 25 28
Email: correo@arteixo.dicoruna.es

A. A cobertura dos riscos derivados dos Accidentes de traballo e enfermidades profesionais comenzará a facerse efectiva con efectos do primeiro día do mes seguinte ao da formalización do contrato.Non obstante, deberá facerse cargo, se o contratista non se adxudica e formaliza antes do 1 de maio de 2008, dos gastos asumidos pola Mutua que actualmente realiza estos servizos, Mutua FREMAP durante os meses en que dita Mutua continúe asumindo esta xestión en tanto se adxudica o novo concerto.

B.A duración deste contrato será de dous anos a partir do día un de MAIO de 2008 , é dicir , ata o 1 de MAIO de 2010.Este prazo poderá ser prorrogado de forma expresa para periodos anuais, cun máximo de duas prórrogas.

## 20.FORMA DE REALIZACIÓN DAS DIFERENTES PRESTACIÓNS DO CONTRATO

A cobertura dos riscos derivados dos accidentes de traballo , enfermidades profesionais do persoal funcionario e laboral ao servizo do Concello de Arteixo, e a prestación económica de incapacidade temporal incluido no Réxime Xeral da Seguridade Social, realizarase de conformidade co disposto na normativa vixente en materia e na oferta presentadas polo adxudicatario na medida que proponía algún tipo de mellora.

A títul indicativo, a normativa aplicable á execución material do contrato está integrado polas disposicións seguintes: RDL 1/1994, de 20 de xuño , polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, RD 1993/1995, de 7 de decembro, polo que se aproba o Regulamento sobre colaboración das Mutuas de AT/EP, e o RD 250/1997, de 21 de febreiro, e RD 576/1997, de 18 de abril, e R.D688/2005, de 10 de xuño, polo que se modifica o anterior.Se calquera das normas sinaladas ou calquera outra que poida serlle de aplicación sofre algunha modificación , a actuación da Mutua adaptarase a mesma.

## 21. CONTROL E SEGUIMENTO DA EXECUCIÓN DO CONTRATO

A.A supervisión de tódalas actividades será realizada polo Excmo Concello de Arteixo, a través da Concellaría de Persoal, que poderá designar un responsable técnico municipal do desenrolo do contrato.A súa función será a de verificar a execución do cumprimento do contrato en tódolos seus termos, tanto nos seus aspectos técnicos como administrativos.Poderá dalas instruccións oportunas ao responsable da empresa para o correcto desenrolo das actividades, que deberán ser inmediatamente executadas en cando afecten e a seguridade dos participantes ou a o uso das instalacións, debendo deixar constancia de tales instruccións por escrito cando a súa entidade o requira.Todo ello sen perxuizo da ulterior alegación ao respecto por parte do contratista en caso de discrepancia , en cuio caso

OBRAS E SERVICIOS CONTRATACIÓN
E BENS

RELGA N.º MU 2000 / 141

Trav. Arteixo, 249 – 2º
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Telf.: 981 60 00 09
Móbil: 696 45 45 34
Fax: 981 60 25 28
Email: correo@arteixo.dicoruna.es

CONCELLO DE ARTEIXO
APROBADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
26 MAR. 2008
A SECRETARIA XERAL

corresponderá ao órgano de contratacón a interpretación, ou no seu caso modificación, do contrato nos termos previstos na clausula 26 deste prego.

